

Versos fronte ao esquecemento

Os poetas Baldo Ramos e Clara Vidal compartirán hoxe un encontro literario na Coruña con afectados de alzhéimer e as súas familias: “A enfermidade borra a memoria, non os sentimentos”

MARÍA DE LA HUERTA
A CORUÑA

“No esquenzo todos somos iguais / alí cada nome foi borrado minuciosamente / para que reconecerse non sexa / un acto de cobardía”. En *Cartas dende o esquenzo* (Galaxia, 2018), o poeta e artista plástico Baldo Ramos tece “unha pequena historia de ficción” protagonizada por un pai diagnosticado de alzhéimer a unha idade temperá, “consciente, por tanto, da súa perda de memoria”. O autor reproduce unha sorte de correspondencia que o proxenitor mantén cos seus dous fillos, “cartas nas que lembran momentos que compartiron, a felicidade do pasado”, sendo conscientes de que “o futuro que lles espera vai ser un tempo triste, doloroso e moi duro”. Un diálogo “puramente literario, ficticio”, mais inspirado na propia experiencia, neste caso, coa súa avoa Modesta, afectada de demencia e falecida hai uns anos, “con máis de 90”. “Tiñamos moi boa relación, e do acontecido ao seu lado collín ideas para este libro”, sinala.

A *(des)memoria* dunha avoa tamén é o pano de fondo do segundo poemario de Clara Vidal (*Medulia* 2021), publicado baixo ese mesmo título e concibido como un “acompañamento”, unha “terapia do ámbito da vida, neste caso, literario”. Versos xurdidos de “cousas” que a autora coruñesa “ía escribindo” durante as visitas a Paca, a piques de cumprir 93 anos, afectada tamén de demencia e que vive nunha residencia. “Antes do COVID, cando estaba permitido, visitábaa a diario. A nosa relación é tan estreita que era a única que realmente se comunicaba con ela e entendíaa cando empezou a perder a palabra con sentido. É aínda o son a día de hoxe. Comprendo que quere, que lle falta, que lle molesta, se lle doe algo, se ten fame ou sede... A *(des)memoria* nótase de experiencias compartidas durante eses encontros, e mesmo recolle palabras textuais da miña avoa. Dunha frase que ela me dixo nunha desas visitas, “os cristais choran”, saíu un videopoema. Sempre digo que os poetas son os anciáns o os nenos”.

A *memoria esquecida* de Modesta e Paca revive, en certo modo, a través dos versos dos seus netos, que esta tarde soarán xuntos nun encontro literario moi especial, organizado pola Asociación de Familiares de enfermos de Alzhéimer da Coruña (Afaco) na sede da Fundación Barrié. Acompañados por Carmen Martínez Pulleiro, presidenta da entidade, Baldo Ramos e Clara Vidal compartirán poemas, e experiencias, con pacientes, familiares e público en xeral. Fíxérono fai un par de semanas en Compostela, nunha cita planificada pola Asociación Galega de Axuda aos Enfermos con Demencias tipo Alzhéimer (Agadea)



A poetisa coruñesa Clara Vidal. // Cedida

nunha sala onde os propios pacientes fan as terapias, e a experiencia resultou do máis gratificante. “O acto foi moi entrañable. Dúas mulleres con alzhéimer leron poemas, houbo moita sintonía co público e os organizadores e sentímonos moi a gusto. A literatura non sempre atende a este colectivo, moitas veces mírase para outro lado. Que uns poetas levasen os seus versos ao lugar onde eles traballan, no seu día a día, coa súa enfermidade, fíxolles sentirse moi agradecidos”, sinala Ramos, ao que Vidal engade: “Foi moi emotivo, porque non sabíamos que ían intervir pacientes con alzhéimer, pillounos por sorpresa. Unha das mulleres empezou a ler fatal co apoio dunha auxiliar do centro, con todo, para a lectura

do segundo poema achegouse o seu marido, púxose ao seu lado de xeollos e a señora leu perfectamente. Sen axuda, só téndoo a el ao seu lado”.

Ambos os autores defenden que o alzhéimer “borra a memoria, pero non os sentimentos”—tal e como declarou o ex presidente da Generalitat catalana Pasqual Maragall antes de que a enfermidade *apagase* os seus recordos—, e apoian esa afirmación nas súas propias vivencias. “No solpor da súa vida, a miña avoa Modesta perdera a memoria, e case a conciencia, pero consolábame saber que conservaba os sentimentos intactos, aínda que non puidese comunicalos. Estaba moi unida aos seus netos, e esperou a que chegásemos todos para *marcharse*.

Permitíunos acompañala na súa última noite, e iso a min



O poeta e artista plástico Baldo Ramos. // Cedida

demóstrame que os enfermos de alzhéimer e outras demencias seguen tendo sentimentos e emocións, aínda que non os poidan manifestar ou compartir”, considera Ramos.

Coinciden os dous tamén en que a perda de memoria é un proceso “cruel”, tanto para o afectado, como para os seus familiares. “Para quen o padece ten que ser horrible, sobre todo ao principio, cando son conscientes do que lles está pasando. E para as familias tamén é moi doloroso e cruel ver que esa persoa á que queres está aí, pero xa non a coñeces. É alguén completamente diferente. Como un bebé”, apunta Clara Vidal. Nese punto, Baldo Ramos considera que as familias dos enfermos de alzhéimer e outras demencias teñen que facer unha especie de “camiño á inversa”. “Volver case aos tempos en que un criou aos seus fillos, cando son pequeniños. Un bebé non ten a capacidade para

comunicarse dunha forma complexa con quen lle está dando agarimo, pero si pode demostralo a través dunha mirada, un xesto, ás veces un rozamento inconsciente... Non sei se é unha forma de consolo, pero para min os enfermos con alzhéimer avanzado son como bebés aos que non lles podes pedir o que non che poden dar, pero si che están agradecendo dalgunha maneira porque, ao final, é o ciclo da vida”, conclúe.



La Xunta incluirá una nueva ayuda para la inclusión digital en la reforma de la Risga

Se busca favorecer el acceso de los más vulnerables a las nuevas tecnologías

PAULA PÉREZ
SANTIAGO

La falta de conocimientos digitales o las dificultades económicas para disponer de un ordenador o una conexión a internet pueden agravar el riesgo de exclusión social de las personas más vulnerables. Por esta razón, la Consellería de Política Social aprovechará la reforma de la Lei de Inclusión Social —en la que se revisará la Risga— para incorporar una ayuda destinada específicamente a favorecer el acceso a las nuevas tecnologías por parte de personas con escasos recursos.

La entrada en vigor del Ingreso Mínimo Vital puesto en marcha por el Gobierno a mediados de 2020 se solapó con la Risga —la renta autonómica destinada a personas en riesgo de exclusión social— y obligó a la Xunta a reformular su prestación a través de una reforma legal, que se prevé que esté lista a finales de este año 2022.

En la nueva ley no solo se modificará la Risga sino que también habrá cambios en las denominadas ayudas de inclusión social. Estas prestaciones, a diferencia de la renta de inclusión social, consisten en una prestación puntual destinada a sufragar gastos extraordinarios y urgentes.

Estos subsidios sociales se conceden para ayudar a pagar el alquiler o la hipoteca, para mejorar la accesibilidad de la vivienda y mejorar su equipamiento. También contemplan sufragar gastos vinculados a necesidades primarias de alimentación, vestido y ajuar doméstico, así como para cubrir atención sanitaria y sociosanitaria. También pueden destinarse a costear los gastos causados por los itinerarios de inclusión social y formación, así como aquellos “derivados de procesos de ajuste personal, especialmente en los casos de trastornos relacionados con la drogodependencia”. En 2020 recibieron esta prestación más de 1.700 gallegos.

En respuesta a una pregunta formulada en el Parlamento por el BNG, la Consellería de Política Social explica que en la reforma legal que están tramitando se “reordenarán” las ayudas de inclusión social para “hacerlas más rápidas, ágiles, modernas y adaptadas a la nueva realidad”. Y se pondrá en marcha una prestación para favorecer la inclusión digital.